

### RISCOS DERIVADOS DO USO

- Caída de persoas ao mesmo nivel pola existencia de chan mollado, chan esvaradío, falta de espazo, desorde, uso de calzado non axeitado...
- Golpes contra obxectos inmóviles. Obxectos almacenados en zonas de paso.
- Sobreesforzos por manipulación de pacientes.
- Contactos eléctricos.
- Axentes biolóxicos.

### EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



USO OBLIGATORIO  
DE ROPA  
PROTECTORA



USO OBLIGATORIO  
DE GAFAS  
ANTISALPICADURA



USO OBLIGATORIO  
DE MASCARILLA



USO OBLIGATORIO  
DE GUANTES

### NORMAS DE SEGURIDADE

- ✗ A limpeza do chan realizarase con produtos antidesvaradíos.
- ✗ Será obrigatorio o emprego de calzado de traballo con sola antiesvaradía.
- ✗ Evitarase tender cables nas zonas de paso.
- ✗ Deberase manter o chan seco continuamente.
- ✗ Eliminaranse con rapidez os desperdicios, as manchas de graxa, os residuos de substancias perigosas e demais produtos residuais que poidan orixinar accidentes ou contaminar o ambiente de traballo.
- ✗ Non deixar abertos caixóns ou outros elementos do mobiliario.
- ✗ As zonas de paso, saídas e vías de circulación dos lugares de traballo e, en especial, as saídas e vías de circulación previstas para a evacuación nos casos de emerxencia, deberán permanecer libres de obstáculos de forma que sexa posible utilizalas sen dificultades en todo momento.
- ✗ Para a manipulación de pacientes utilizaranse os equipos auxiliares:
  - ↪ Guindastres específicos para o levantamento de persoas;
  - ↪ Cando non se dispoña de guindastres e o enfermo que hai que erguer ou cambiar de posición estea completamente inhabilitado, moverase sempre entre dúas persoas.
  - ↪ Camas axeitadas posibilitando a regulación en altura.
- ✗ É obrigatorio utilizar os interruptores ON/OFF dos aparellos eléctricos antes de os conectar ou desconectar (a operación farase sen tirar directamente dos cables, senón que se collerán polos enchufes)
- ✗ Prohíbese a utilización de alargadeiras ou ladróns que non garantan a continuidade da toma de terra, así como agrupar un número elevado de aparellos nun só enchufe (débense utilizar tomas de corrente múltiples).
- ✗ Non se usarán nunca equipos con cables pelados, caravillas ou enchufes estragados.
- ✗ Non usar aparellos eléctricos coas mans húmidas ou molladas.
- ✗ **Precaucións Universais:**
  - ↪ **Vacunación (inmunización activa):**
    - ✓ Deberá vacinarse todo o persoal que desenvolva o seu traballo en ambientes que teñan contacto, tanto directo coma indirecto, co sangue ou outros fluídos biolóxicos doutras persoas infectadas (por exemplo, a vacinación contra a Hepatite B para o persoal que desenvolva o seu traballo no ambiente hospitalario e que teña contacto directo ou indirecto co sangue ou outros fluídos dos pacientes).

## NORMAS DE SEGURIDADE

### Normas de hixiene persoal:


- ✓ Cubrir feridas e lesións das mans con apósito impermeable, ao iniciar a actividade laboral.
- ✓ Cando existan lesións que non se poidan cubrir, deberá evitarse o coidado directo dos pacientes.
- ✓ As mans débense lavar ao empezar e rematar a xornada e despois de realizar calquera técnica que pode implicar o contacto con material infeccioso. O devandito lavado realizarase con auga e xabón líquido.
- ✓ Nas situacións especiais empregaranse substancias antimicrobianas. Logo de lavar as mans estas secaranse con toallas desbotables ou corrente de aire.
- ✓ Non comer, beber nin fumar na área de traballo.
- ✓ O pipeteo coa boca non se debe realizar.

### Elementos de protección de barreira:

- ✓ Todos os traballadores deben utilizar rutinariamente os elementos de protección de barreira axeitados cando deban realizar actividades que os poñan en contacto directo co sangue ou cos fluídos corporais dos pacientes.
- ✓ O devandito contacto pode producirse tanto de forma directa como durante a manipulación de instrumental ou de materiais extraídos para fins diagnósticos como é o caso da realización de procesos invasivos.
- ✓ Dentro dos elementos de protección de barreira podemos distinguir os seguintes:
  - ✗ Luvax. O seu uso será obrigatorio:
    - Cando o persoal sanitario presente feridas non cicatrizadas ou lesións dérmicas transpirantes ou zumegantes, cortes, lesións cutáneas, etc.
    - Se manexa sangue, fluídos corporais contaminados con sangue, tecidos, etc.
    - Ao entrar en contacto coa pel non intacta ou mucosas.
    - Ao manexar obxectos, materiais ou superficies contaminadas con sangue,... ao realizar procesos invasivos.
  - ✗ Máscaras e protección ocular: Empregaranse naqueles casos nos que, pola índole do procedemento que hai que realizar, se prevé a produción de salpicaduras de sangue ou outros fluídos corporais que afecten as mucosas de ollos, boca ou nariz.
  - ✗ Batas: As batas deberían utilizarse nas situacións nas que se poida producir un contacto co sangue ou outros fluídos orgánicos, que poidan afectar as propias vestimentas do traballador.

### Coidado cos obxectos cortantes e punzantes:

- ✓ Débense tomar todas as precaucións necesarias para reducir ao mínimo as lesións producidas no persoal por picadas e cortes. Para iso é necesario:
  - ✗ Tomar precaucións na utilización do material cortante, das agullas e das xiringas durante e despois da súa utilización, así como nos procedementos de limpeza e de eliminación.
  - ✗ Non encapsular agullas nin obxectos cortantes nin punzantes, nin sometelas a ningunha manipulación.
  - ✗ Os obxectos punzantes e cortantes (agullas, xiringas e outros instrumentos afiados) deberán ser depositados en colectores axeitados con tapa de seguridade, para impedir a súa perda durante o transporte. Estes colectores estarán preto do lugar de traballo e evitarse enchelos en exceso.
  - ✗ O persoal sanitario que manipule obxectos cortantes responsabilizarase da súa eliminación.



### Desinfección e esterilización correcta de instrumentais e superficies:

#### Desinfección:

- ✓ Débese ter en conta que pola súa propia función, destrución de microorganismos, moitos desinfectantes teñen características de toxicidade importantes para o home, polo que se deberán adoptar as medidas de protección e prevención axeitadas e seguir sempre as instrucións para a súa aplicación, contidas na etiqueta e nas fichas de seguridade.
- ✓ Os desinfectantes que se utilicen deben estar axeitadamente etiquetados segundo a normativa correspondente, tanto se se adquiriron comercialmente, como se son de preparación propia.

## NORMAS DE SEGURIDADE

### Esterilización:

- ✓ Débese recordar que, en certos casos, os instrumentos son sometidos á acción de solucións deterxentes ou antisépticas para diluír substancias orgánicas ou evitar que se sequen. Xa que este paso non é unha verdadeira desinfección, estes instrumentos non deberán ser manipulados nin reutilizados ata que se efectúe unha esterilización.

### ↪ Recollida das mostras:

- ✓ Evitar que nas mans haxa cortes, abrasións ou outras lesións cutáneas que permitan unha mellor penetración de axentes biolóxicos. Neste caso é obrigatorio o uso de luvas.
- ✓ Utilizar unha boa técnica e un bo material para evitar a contaminación das mans.
- ✓ Lavar as mans con auga e xabón inmediatamente despois de calquera accidente de contaminación co sangue e unha vez rematado o traballo, mesmo se se utilizaron luvas.
- ✓ Utilizar a roupa axeitada. Unha mancha de sangue resalta inmediatamente sobre unha prenda branca ou verde.
- ✓ Non reencapuchar as agullas nin sacalas da xiringa. Colocar ambas as dúas nun recipiente de plástico ríxido impermeable.
- ✓ Selar ben os recipientes de mostras. Se están manchados de sangue, límpialos cun desinfectante como, por exemplo, solución de hipoclorito con 0,1% de cloro libre (1 g/L, 1000 ppm), ou produtos deterxentes desinfectantes como Virkon.
- ✓ Se se produce unha picada ou un corte, lavar a ferida concienzudamente con auga e xabón.
- ✓ Favorecer a hemorraxia.
- ✓ Toda contaminación das mans ou outra parte do corpo con sangue e toda picada ou corte se comunicará ao responsable de seguridade e hixiene e ao servizo médico.
- ✓ Nas unidades de infecciosos, VHB ou VIH positivos é conveniente utilizar agullas de seguridade.
- ✓ En traballos de investigación nos que se empregue material de vidro é preferible utilizar xeringas con axuste de baioneta para evitar que a agulla se separe da xiringa ou utilizar unha xiringa con agulla incorporada.

### ↪ Material de bioseguridade:

- ✓ **Luvas:** As luvas reducen o risco de contaminación das mans co sangue, pero non evitan as picadas ou cortes causados por agullas, outros instrumentos afiados, vidro ou plástico roto. É importante recordar que o emprego de luvas ten por obxecto complementar, e non substituír, unha boa técnica de traballo e unhas prácticas axeitadas de control de infeccións, en particular, o lavado correcto das mans. En relación ao uso das luvas, adoptaranse as seguintes precaucións xerais:
  - ✗ Desbotar as luvas sempre que se pense que se contaminaron. Utilizar un par novo.
  - ✗ Coas mans nas luvas non hai que tocar os ollos, o nariz, as mucosas, nin a pel.
  - ✗ Lavar as mans despois de quitar as luvas.
- ✓ **Agullas:** Se se empregan sistemas tradicionais de xiringa e agulla, estas deben ser desbotables e unha vez utilizadas eliminaranse as dúas sen separar, nun colector axeitado. Non reencapuchar nunca a agulla. Ao separar a agulla aumenta o risco de contaminación, xa que o sangue residual que quedaba nesta pode saír por gravidade, e ademais, o cono da agulla e a punta da xiringa poden estar contaminadas polo sangue ou calquera outro fluido biolóxico.
  - ✗ No caso de utilizar agullas de sistemas de baleiro, é fundamental a súa eliminación nun colector sen tocar a agulla nin reencapuchala.
  - ✗ Terase un coidado especial cos sistemas de bolboreta debido ao sangue que queda na extensión de plástico.
  - ✗ No caso de agullas de seguridade, a única precaución é non tocar o extremo da agulla en contacto coa xiringa no caso de utilizar sistemas de extracción convencionais.